

O XENERO NA CIENCIA**¿QUEN INVENTOU O CALENDARIO?****BERMEJO, Manuel R,
GONZÁLEZ NOYA, Ana M.**

No derradeiro congreso de ENCIGA, celebrado en Noia, presentamos unha comunicación interdisciplinar sobre “A outra historia da Ciencia”, na que suxeríamos a posibilidade de abrir unha sección fixa titulada *O xénero na Ciencia*. Esta pequena reflexión sobre o calendario pode servir como inicio para dita sección.

O que esta sección pode dar de si será o resultado do noso interese polo tema.

INTRODUCCIÓN

Nada sabemos, de certo, sobre a primeira invención do calendario; pero estase permanentemente a transmitir a idea de que foi o *home* o seu inventor. ¿Isto será certo?.

HISTORIA NOVELADA

Era unha noite de luar hai uns 15.000 anos. Os fríos xa pasaran e, nunha zona do planeta máis quente, unha tribo de “cromagnons” íase descansar. Xandiña, unha femia da tribo, sae da cova, por non prenden o sono. Atópase preñada e, estes días, está moi incómoda deitada, por mor dos movementos da cría.

Ó saír da cova pétalle de fronte o luar e cae na conta do enorme disco luminoso que hai no ceo; séntase e ponse a pensar na distinta luz que produce ese disco comparado co disco que hai cando é día. Nota que o luar débese á presenza dese disco no ceo.

Unhas noites despois, novamente incómoda, sae da cova para sentir a paz do luar e, entón, decátase de que *ela* non é un disco completo, senón que lle falta un anaco. Non pode crer no que ve; pero garda para si o misterio.

Xandiña pensa no seu segredo e, días despois, cando toda a tribo dorme, ela sae ó exterior na procura da súa amiga do ceo. Mira ó ceo e non a atopa, pensa que algo a tapará ou que estará agachada. Mira na profundidade do ceo, a noite está pecha, e soamente atopa luceciñas coma vagalumes. Logo de moito buscar pola súa amiga vóltase, aterrada, para o seu lugar na cova. Esa noite non pegará ollo pensando que pode ter ocorrido; pero chegará a caer na conta de que endexamais se decatara de que *ela* faltara do ceo.

O día non da pasado para Xandiña, está como ida, non pensa nos moitos traballos que cómpre facer; as outras femias da tribo chámanlle tola: unha vez máis chámanlle tola e baten nela para que faga os seus traballos. Hoxe tanto lle ten o que lle chamen, ten un segredo e vive só para el. Lembra que, ás veces, durante o día e, sobre todo no solpor, o disco branco vese no ceo; pero hoxe é incapaz de atopalo.

Andou tan preocupada todo o día que cansou de tal xeito que, esa noite, cae rendida e dorme coma unha pedra. Será algunhas noites despois cando sae da cova na procura *dela* e velaí, novamente, aparece un anaco do disco, non enteiro, no ceo.

Ouh sorpresa!, ¿que está a pasar?. Xandiña non comprende pero aprende. A súa vida será coidar do seu segredo e compartilo con aqueles que quere: as súas crías.

Irá aprendendo, e gardando dentro de si, que *ela* medra ata ser un disco tan grande que, nas noites de luar, ilumina coma se fora o disco do día; para logo ir minguando ata desaparecer.

Xandiña garda o seu segredo e apréndello ás súas crías. Non se atreve a contarlle á tribo para que non se rían máis dela. Pero o seu segredo vai medrando no maxín dos nenos.

Pasou moito tempo, pasaron moitas xeracións, e Mariña e Nacho –dous nenos da tribo- están a xogar noutra noite de luar. Suorentos, deitados na herba, miran ó ceo e decátanse da presenza *dela*. Mariña encadea unha xeira de preguntas: ¿por que está aí o disco?, ¿por que ten luz?, ¿por que varía de tamaño?. Nacho míraa como a unha estraña, coma se toleara, coma se falara nunha lingua que non entendera... Levántase e vai na procura doutra femia menos complicada.

Mariña fica soa, cos seus pensamentos e co seu disco no seu ceo. Ten nas súas mans un óso longo que Nacho lle trouxera de galano; absorta nos seus pensamentos colle un sílex e grava risco.

Mariña gusta de estar con Nacho porque, aínda que non a comprende, trátaa con máis agarimo e consideración que os outros machos da tribo. Por iso garda o seu galano e, cada noite, cando sae visitar á súa amiga do ceo, lévao na man e, por costume, vai gravando risco. O día de luar a muesca é especial e o día sen luz tamén. O óso forma parte integrante do segredo de Mariña, cando as súas crías cheguen a comprender, ela halles compartir o seu segredo e halle regalar o seu mellor galano a aquela filla máis espelida e a quen máis queira.

Pasaron moitas xeracións, Alba ten un óso, galano da súa nai, que non sabe para que serve. Gárdao coma un tesouro pero non sabe que é nin que significan aqueles riscos. Mellor dito, sabe que explican o comportamento *dela*. Un día, logo de mirar moito o galano, decátase de que se poden agrupar os símbolos, de xeito que, cada sete, dan conta dunha das fases características do proceder *dela*.

Andando o tempo chegará a comprender que, cada sete riscos, se produce un cambio da fase *dela* e, logo de catro fases, péchase o ciclo para se reiniciar.

Estaba nacendo o calendario luar. Máis adiante alguén, obviamente outra muller, caeu na conta de que o nacemento da cría producíase nove lúas novas despois de saber que estaba preñada.



Semella que, a muller/home de “cromagnon”, tiña un calendario luar de igual xeito que nós temos un calendario solar.

Se propoñemos que o calendario é de invención feminina non é, soamente, porque se o puideron facer e tiveron a oportunidade de facelo realmente chegaron a facer; senón por outros datos da historia da humanidade.

As antigas culturas adoraron á lúa (feminino) e advocárona con nomes de muller: Nanra (na cultura sumeria); Hecate, Artemisa ou Selene (na cultura grega); Diana (na cultura romana), etc.

DATOS ARQUEOLÓXICOS

- Na Dordoña francesa atopouse un óso, datado hai uns 30.000 anos, con incisións circulares que semellan a representación do curso da lúa.
- A Venus de Laussel, de 27.000 anos de antigüidade, amosa unha muller preñada que ten un corno na man con 13 riscos; ¿pode representar un ano luar?.
- O óso de agüia de Le Placard, aproximadamente 13.000 anos, ten unha xeira de riscos que semellan representar os 28 días do ciclo luar.



*Óso de aguía con incisións.
Posible calendario luar. Le Placard, c. 11000 a.C.*

CODA

Nada permite, científicamente, asegurar que foi así como se inventou o calendario; pero todos coincidiremos en que é moito menos científico afirmar que foi o *home* quen o inventou.

BIBLIOGRAFÍA

- David Ewing Duncan, “El calendario”. Emecé Editores, Barcelona, 1999.
- Fred Hoyle, “De Stonehenge a la cosmología contemporánea. Nicolás Copérnico”. Alianza editorial, 2ª ed., Madrid, 1982.
- Olaf Pedersen, “Early Physics and Astronomy”. Cambridge Univ. Press, 1993.
- J. Pérez Millán, “El calendario: su origen, evolución y reforma”. Imprenta Paredes, Santiago, 1983.
- F. Zavelski, “Tiempo y su medición”. Ed. Mir., Moscú, 1990.

Ríos, S (1976) Análisis de Decisiones. ICE Ediciones.

Shapley, L S (1953) A value for n-person games. Contributions to the Theory of Games II, H W Karlin y A W Tucker, editores, Princeton, Princeton University Press: 307-317.

Tanur, J M y otros (1989) La Estadística. Una guía de lo desconocido. Alianza Editorial.

Von Neumann, J (1928) Zur Theorie der Gesellschaftspiele. Mathematische Annalen, 100: 295-320.

Von Neumann, J and Morgenstern, O (1944) Theory of Games and Economic Behavior. Princeton University Press.